



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



CONCELLO DE FERROL

Número 39 /2021

ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA FINANCIAR O MANTEMENTO XERAL DA CASA DE ACOLLIDA, ANUALIDADE 2021, DE ACORDO AO PROTOCOLO DE ACCESO Á REDE GALEGA DE ACOLLEMENTO PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO DA XUNTA DE GALICIA E AO PROGRAMA DE APOIO Á REDE DE ACOLLEMENTO PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (PRAM).

Na Coruña, a 16 de abril de 2021, na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Don Manuel Mato Escalona, Alcalde Presidente do Concello de Ferrol.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, están-lles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo. polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no art. 62º establece que “Os concellos poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente” e no art. 63º que “As deputacións provinciais, de conformidade co establecido na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais...”. Estes servizos sociais comunitarios regúlanse nos art. 9º e seguintes da devandita lei.

Que o Concello de Ferrol, CIF P1503700E, no ámbito das súas competencias, ten unha casa de acollida para mulleres en situación de violencia de xénero, regulada baixo a Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que no seu conxunto configuran a Rede Galega de Acollemento, como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero.

A *casa de acollida* do Concello de Ferrol forma parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, segundo o Título III, artigo 48 da Lei 11/2007, onde recóllese a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero no que fai referencia a Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero. No art. 48.1 establece que “Os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero”.

Con este obxecto asinou un convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol o día 18 de setembro de 2020, formalizándose en documento administrativo 56/2020.

A cláusula XIV do dito convenio establece no seu apartado 1 unha vixencia ata o 31 de maio de 2021 e no apartado 2 que *poderá ser prorrogado anualmente **ata un máximo de 4 anos**, por acordo expreso entre as partes, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio, logo da solicitude previa do concello de Ferrol realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia.*

Con data do 01 de outubro de 2020 o Concello de Ferrol solicita a prórroga do convenio para o ano 2021.

Dado o interese coincidente da Deputación Provincial da Coruña e do Concello de Ferrol ambas as dúas partes acordan formalizar a presente prórroga do convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeiro.- Prorrogar o convenio de colaboración asinado o 18 de setembro de 2020, por un ano, e con efectos desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro do mesmo ano, nos termos e co alcance que figura no seu clausulado.

Segundo.- A achega da deputación da Coruña prevista na prórroga do convenio de colaboración para o ano 2021 é de 100.891,64 €, o que representa unha porcentaxe de 26,43 % do total do orzamento previsto que é de 381.730,97 €.

Este gasto financiarase con cargo á partida orzamentaria 0611/23122/46201.

Terceiro.- Este acordo de prórroga entenderase condicionado á existencia de crédito orzamentario suficiente nos devanditos orzamentos xerais.

Faise constar que a presente prórroga do convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación de data 26 de marzo de 2021.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACION
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE FERROL

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Manuel Mato Espinosa

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: José Luis Almau Supervía

Dilixencia que se estende para facer constar que o nome completo do Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Ferrol é Ángel Manuel Mato Escalona, polo que se modifica o nome na parte de “Reunidos” e no pé de sinatura do presente convenio.

A Coruña, 23 de abril de 2021

O Secretario Xeral,

Fdo.: José Luis Almau Supervía